

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018501	IES Monte Carrasco	Cangas	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	7
3.1. Relación de unidades didácticas	9
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	36
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	40
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	41
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	48
6. Medidas de atención á diversidade	50
7.1. Concreción dos elementos transversais	55
7.2. Actividades complementarias	58
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	59
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	62
9. Outros apartados	64

1. Introducción

Esta programación elaborada para o 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo fixado para a materia de Lingua Castelá e Literatura no Decreto 156/2022, do 2022, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 26 de setembro de 2022).

O IES Monte Carrasco imparte unicamente os cursos de 1º a 4º da Secundaria Obrigatoria, non acolle ensinanzas postobrigatorias e está localizado na periferia do núcleo urbano de Cangas polo que a maioría do alumnado é transportado en bus. Non hai xornadas lectivas de tarde e resulta complicado, pola carencia de liñas de transporte urbano, organizar actividades extraescolares no centro.

A implicación das familias na educación do alumnado é desigual e nalgúns casos, desde a pandemia e as sucesivas crises económicas, delicada. Non todas as familias están en condicións de facilitar as axudas que os/as estudantes precisan para progresar, ben por falta de implicación, tempo recursos económicos... Ademais, tanto o benestar emocional das familias, do alumnado como o do profesorado resentíuse notablemente nos últimos cursos.

Os centros adscritos son o CEIP San Roque e o IES María Soliño. Non obstante, todos os anos prodúcese un fluxo pequeno de alumnado con outros centros, públicos e concertados, de secundaria e de primaria do Concello. Estes cambios no alumnado non son significativos e practicamente a totalidade do alumnado que comeza os estudos no centro, tamén os remata. Este feito é importante porque no curso de 3º o alumnado conta cunhas rutinas, terminoloxía e métodos de traballo iniciados en 1º e minimamente asentados neste nivel.

As instalacións do centro están todas en boas condicións. As máis importantes para o desenvolvemento das nosas clases son a Aula

de Polos Creativos e a Biblioteca. A primeira é un espazo diáfano e versátil, moi útil para o traballo cooperativo. Conta ademais cunha importante dotación de equipamento dixital e audiovisual que pode ser empregado para a realización de actividades e tarefas (equipamento de radio, cámara, croma...) A Biblioteca, con fondos actualizados, tamén é un aula clave para a materia. A Biblioteca, grazas ao intenso traballo da profesora coordinadora pertencente ao Departamento de Lingua Galega e Literatura, participa no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, circunstancia que permite contar con fondos documentais e literarios amplos. Ademais, as actividades programadas dentro do mesmo Plan e tamén as desenvolvidas polos distintos departamentos e o EDLG son dinámicas e variadas e a Biblioteca é un espazo vivo e directo.

Posto que o centro participa no Programa Edixgal de 1º a 4º o alumnado conta con portátiles de uso persoal no centro e nos seus domicilios. En consecuencia, a elaboración dos materiais didácticos son, a maioría deles, de elaboración propia ou proceden de fontes diversas ao non estar establecido un libro de texto dunha editorial concreta, se ben a docente manexa distintas propostas que adapta á realidade e ás necesidades da aula.

No nivel de 3º da ESO están conformados dous grupos. 3ºA está composto por 22 alumnos (12 homes e 10 mulleres). 3ºB por 23 (13 homes e 10 mulleres). En canto á diversidade do alumnado, os talentos e capacidades, como é de esperar, son diversos.

- En 3º A contarán con medidas de reforzo, inicialmente, 3 estudantes. Algún deles presentan TDHA e reciben atención tamén fóra do centro. Un estudante repetidor contará cun Plan Específico para Alumnado Repetidor. O curso malia contar con medidas de reforzo, non superou a materia.

- En 3º B é preciso aplicar medidas de reforzo (RE) polo menos a tres alumnos. No grupo hai tamén un alumno repetidor que non

superou a materia o curso pasado ao que se lle elaborará un Plan Específico para Alumnado Repetidor. Finalmente, un alumno TEA, comórbido con TDAH, contará cunha ACI para poder alcanzar os obxectivos da materia. A todos eles, dependendo das necesidades aplicaranse as medidas específicas de cada un dos protocolos que ten deseñado a Consellería xunto coas orientacións do departamento de Orientación.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

A finalidade da materia de Lingua Castelá e Literatura oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade dos dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, co fin de promover a práctica dunha cidadanía sensibilizada, informada e comprometida.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón,

alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na

Dado o enfoque inequivocamente global e competencial da educación lingüística, a gradación entre cursos non se establece tanto mediante a distribución diferenciada de saberes senón en función da maior ou menor complexidade dos textos, das habilidades de produción ou interpretación requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía conferido aos estudantes. Por iso, tanto os contidos como os criterios de avaliación gardan paralelismo nos diferentes cursos.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques.

O primeiro, «AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural.

O segundo e o terceiro, relativos á «COMUNICACIÓN», achéganse a comprensión e expresión respectivamente e integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional, audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos.

O cuarto bloque, «EDUCACIÓN LITERARIA», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes

da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes.

O quinto bloque, «REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 3º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

- 1.- A FIADEIRA. LECTURAS TRIMESTRAIS. 1º, 2º e 3º trimestre.
- 2.- PENSAMENTO CRÍTICO, COMUNICACIÓN SOSTIBLE E RESPECTUOSA. DAS RAIÇES AÍ S ESTRELAS. 1º, 2º e 3º trimestre.
- 3.- O EIRADO DOS TEXTOS. Comprensión e produción textual. 1º, 2º e 3º trimestre.
- 4.- A COLLEITA: sociolingüística. 1º trimestre.
- 5.- AS SEMENTES: as clases de palabras (forma, estrutura e significado). 1º e 2º trimestre.
- 6.- LABRAR: historiña da literatura medieval. 2º trimestre.
- 7.- OS TECIDOS: sintaxe. 2º trimestre.
- 8.- SEMENTAR: historiña da literatura renacentista. 2º trimestre.
- 9.- A URDA: sintaxe. 3º trimestre.
10. ENXERTAR: historia da literatura barroca. 3º trimestre.
- 11.- A TRAMA: sintaxe. 2º e 3º trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatória e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A FIADEIRA: lecturas trimestrais	Unidade transversal centrada nas lecturas trimestrais.	15	6	X	X	X
2	PENSAMENTO CRÍTICO, COMUNICACIÓN SOSTIBLE E RESPECTUOSA. DAS RAÍCES ÁS ESTRELAS	Unidade transversal centrada no coidado e no trato respectuoso nos diferentes actos comunicativos e no traballo intelectual autónomo guiado por principios críticos e éticos. Esta unidade constitúe un marco para as relacións sociais e o pensamento intelectual.	20	18	X	X	X
3	O EIRADO DOS TEXTOS: comprensión e produción textual	COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA DOS XÉNEROS DISCURSIVOS. ÁMBITOS DE USO E FINALIDADES DAS TIPOLOXÍAS TEXTUAIS. Unidade transversal centrada comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional, audiovisual e mediática. Desenvolveranse actividades e tarefas relacionadas co Proxecto "Das raíces ás estrelas". Procederáse á produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. Prestarase especial atención á tipoloxía expositiva e, de ser posible, á argumentativa.	20	18	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	A COLLEITA: sociolingüística	A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA: desenvolvemento sociohistórico das linguas faladas en España.	5	6	X		
5	AS SEMENTES: as clases de palabras (forma, estrutura e significado)	A PALABRA COMO UNIDADE BÁSICA DA LINGUA. Repaso das categorías gramaticais. MORFOLOXÍA E SEMÁNTICA. A estrutura morfolóxica da palabra e os procedementos de formación de palabras	10	9	X	X	
6	LABRAR: historia da literatura medieval	VIAXE NO TEMPO I. A HISTORIA DA LITERATURA ESPAÑOLA NA IDADE MEDIA. Análise e comprensión das producións textuais medievais, incidindo naqueles textos que reflicten os traballos do agro ou que fan referencia á indumentaria e o labor téxtil.	5	9		X	
7	OS TECIDOS: sintaxe	O ENCAIXE DE PALABRAS: A SINTAXE I: os sintagmas. Suxeito e predicado.	5	7		X	
8	SEMENTAR: historia da literatura renacentista	A HISTORIA DA LITERATURA ESPAÑOLA : O RENACEMENTO. Análise e comprensión das producións textuais renacentistas, incidindo naqueles textos que reflicten os traballos do agro ou que fan referencia á indumentaria e o labor téxtil.	5	9		X	
9	A URDA: sintaxe	A SINTAXE II: complementos oracionais.	5	7			X
10	ENXERTAR: historia da literatura barroca	HISTORIA DA LITERATURA ESPAÑOLA : O BARROCO. Análise e comprensión das producións textuais barrocas, incidindo naqueles textos que reflicten os traballos do agro ou que fan referencia á indumentaria e o labor téxtil.	5	9			X
11	A TRAMA: sintaxe	A SINTAXE III: complementos oracionais.	5	7		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A FIADEIRA: lecturas trimestrais	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Aplica estratexias de lectura: superficial, exploratoria e profunda. Identifica o tema e a estrutura. O alumnado comprende e analiza (comentario) as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.	PE	90
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	En textos de certa complexidade, localiza os principais recursos expresivos e características da linguaxe literaria e valorar o seu efecto sobre o receptor.		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Le de maneira autónoma textos procedentes da narrativa xuvenil e expresa de forma argumentada os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora vinculada a ese xénero.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Analiza e comparte coa clase a súa valoración dunha obra da literatura xuvenil actual.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Interpreta os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establece vínculos entre os textos procedentes da narrativa actual lidos, agrupalos en parentescos literarios e relacionalos con outras expresións artísticas emerxentes.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Escribe textos de intención literaria respectando as convencións dos xéneros e empregando con eficacia os principais recursos expresivos a través dun formato audiovisual.		
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	En clubs de lectura, foros, realiza unha escoita activa, respecta as opinións alleas e expón con claridade e solidez as súas achegas arredor dos textos. Intervén respectando a quenda, aceptando a diversidade de opinións, controlará o volume e a pertinencia das intervencións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: a construción da biografía lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A lectura compartida e a lectura dialóxica.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais (booktrailers) para o fomento da lectura.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
2	PENSAMENTO CRÍTICO, COMUNICACIÓN SOSTIBLE E RESPECTUOSA. DAS RAÍCES ÁS ESTRELAS	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Interpreta de xeito analítico e crítico o contido dos textos escritos facendo inferencias e presuposicións, contrasta a información e emite xuízos sobre a súa forma.	PE	65
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Manexa e cita de maneira adecuada fontes diversas seleccionando aquelas que cumpren criterios de calidade.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Observa e respecta as normas de corrección lingüística e ortográfica procurando coidar e mellorar a súas producións lingüísticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Produce textos propios de certa complexidade e calidade sen plaxiar, nin empregar a intelixencia artificial.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Realiza traballos de investigación de certa complexidade, de maneira individual ou en equipo, aplicando criterios de rigor e esixencia. Participa con compromiso, rigor e creatividade en todas as actividades vencelladas ao proxecto de centro das "Raíces as estrelas"		
CA2.6.1. - Empregar os dispositivos e entornos dixtais de forma respectuosa coas normas de boas prácticas establecidas no centro e sempre vinculada á tarefa desenvolveida	Emprega ademais o equipo Edixgal e as aplicacións respectando as normas establecidas e os tempos de uso.		
CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Observa e analiza os usos propios e alleos desde os principios da tolerancia, do respecto e da convivencia baseada nas regras básicas do civismo, cortesía e a urbanidade.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Fala respectando os principios de tolerancia, respecto e convivencia atendendo as regras básicas do civismo, cortesía e urbanidade. Respecta as opinións alleas. Intervén respectando a quenda, aceptando a diversidade de opinións, controla o volume e a pertinencia das intervencións.	TI	35
CA3.8.1. - Empregar os dispositivos e entornos dixtais de forma respectuosa coas normas de boas prácticas establecidas no centro e sempre vinculada á tarefa desenvolveida	Resolve a súas diferencias cos demais e as súas ideas desde o respecto, a escoita activa e a empatía. Emprega o equipo Edixgal e os dispositivos e as aplicacións tecnolóxicas respectando as normas establecidas e os tempos de uso.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais relacionándoos coa busca da información.		Baleiro	0
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abrangendo o ámbito persoal, educativo e social.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. A imaxe e os elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.

Contidos

- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Uso de dicionarios e de manuais de consulta en soporte analóxico ou dixital.
- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
- Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
3	O EIRADO DOS TEXTOS: comprensión e produción textual	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Captar, como mínimo, a intención comunicativa, o tema de textos orais de diferentes ámbitos. Sigue instrucións precisas e extrae información relevante.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais de certa complexidade, avaliando a súa calidade, fiabilidade e eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Interpreta e valora textos orais aplicando criterios relacionados coa claridade expositiva, a dicción, a linguaxe corporal, o uso de soportes informáticos e audiovisuais, recoñecemento dos distintos graos de formalidade e distancia social en función dos diferentes contextos e rexistros.		
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Aplica estratexias de lectura: superficial, exploratoria e profunda. Recoñece a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos para resumir, esquematizar e contestar preguntas (extracción de información e interpretación e deducción).		
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comenta textos escritos aplicando criterios relacionados coa fiabilidade da información e a claridade expositiva, ten presente os distintos graos de formalidade e distancia social en función dos contextos, rexistros e propósitos comunicativos.		
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Aplica os coñecementos sobre os constituíntes das palabras para inferir o significado de termos técnicos habituais nos textos do ámbito académico e tamén os conceptos da semántica para explicar os significados connotativos e denotativos dos textos.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado realizará comentarios e análises de textos sobre temas diversos identificando e valorando aspectos concretos da súa información e do seu tecido lingüístico. Manexará a terminoloxía lingüística axeitada para dar conta e explicar os diferentes fenómenos.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Planifica a redacción e realiza borradores		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Aplica, mellora e corrixe as súas producións manexando e trasladando coñecementos e razoamentos de orde gramatical e pragmático.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica.	Revisa, mellora e corrixe as súas producións trasladando razoamentos de orde gramatical e pragmático.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Xustifica as súa valoración e interpretación do sentido dos textos recurrido a gramática e a súa terminoloxía.		
CA3.1 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións orais respectando técnicas elementais da comunicación pública.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas. - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. A imaxe e os elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Usos manipuladores da linguaxe. Os boatos. Valoración da forma e do contido do texto. - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos:

Contidos

- compoñentes do feito comunicativo.
- Elaboración de textos orais tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos, canle de comunicación e elementos non verbais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas.
- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais distributivos, de orde, contraste e explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións, e no discurso relatado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
4	A COLLEITA: sociolingüística	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, cotexando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como os trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Coñece as liñas principais da historia das linguas peninsulares, os dialectos do español e diferencia os trazos dialectais das variedades sociais e de rexistros.	PE	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da análise da diversidade lingüística na contorna social próxima e da exploración e reflexión próxima aos fenómenos do contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Respecta e valora as diferentes linguas, rexeita estereotipos e asume a riqueza cultural e social de todas as variedades, especialmente do galego, lingua propia sendo capaz de empregar termos sociolingüísticos para explicar os comportamentos dos falantes.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Observa e analiza os usos propios e alleos desde os principios da tolerancia, do respecto e da convivencia baseada nos principios básicos do civismo, cortesía e urbanidade apreciando en todo momento a diversidade lingüística como patrimonio universal que é preciso protexer e conservar.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando os consensos, tanto no ámbito persoal coma educativo e social.	Resolve a súas diferencias cos demais e as súas ideas desde o respecto, a escoita activa e a empatía. Emprega o equipo Edixgal e os dispositivos e as aplicacións tecnolóxicas respectando as normas establecidas e os tempos de uso.	TI	60
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Realiza traballos de investigación de certa complexidade, de maneira individual ou en equipo, aplicando criterios de rigor e esixencia. Participa con compromiso, rigor e creatividade en todas as actividades vencelladas ao proxecto de centro das "Raíces as estrelas"		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise da propia biografía lingüística propia e da diversidade lingüística do centro e mais da localidade. - Desenvolvemento sociohistórico das linguas de España. - Desenvolvemento da reflexión interlingüística. - Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. - Indagación arredor dos dereitos lingüísticos e mais da súa expresión nas leis e declaracións institucionais. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.

UD	Título da UD	Duración
5	AS SEMENTES: as clases de palabras (forma, estrutura e significado)	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Aplica, mellora e corrixe as súas producións manexando e trasladando coñecementos e razoamentos de orde gramatical e pragmático.	PE	100
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelabora e comunica de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Produce textos seguindo consignas (propósito comunicativo, contido, tecido lingüístico) concretas, con especial atención, a técnica de definición de palabras.		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Mellorará a súas producións textuais empregando consignas relacionadas coa clasificación morfolóxica.		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Producir pequenos textos respectando consignas de orde gramatical. A definición de palabras		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Distingue e identifica a categoría gramatical das palabras nun texto concreto aplicando razoamentos de orde formal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

Contidos

- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

UD	Título da UD	Duración
6	LABRAR: historia da literatura medieval	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, cotexando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como os trazos dos dialectos do español, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Establece pontes e relacións entre o patrimonio literario medieval en castelán e outras linguas peninsulares, especialmente o galego-portugués.		
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Realiza traballos de investigación de certa complexidade, de maneira individual ou en equipo, aplicando criterios de rigor e esixencia. Participa con compromiso, rigor e creatividade en todas as actividades vencelladas ao proxecto de centro das "Raíces as estrelas"		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Aplica estratexias de lectura: superficial, exploratoria e profunda. Identifica o tema e a estrutura. O alumnado comprende e analiza (comentario) as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.	PE	85
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Na análise e no comentario de textos literarios explica as formas obxectivas e subxectivas dos textos así como os recursos característicos da lingua literaria e valora o seu efecto no receptor.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Interpreta os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Busca de información fiable, pertinente e de calidade para a realización de pequenos ensaios de investigación.		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establece vínculos entre os textos lidos e outros doutras literaturas ou épocas, agrúpaos en parentescos literarios e relaciónaos con outras expresións artísticas emerxentes.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico das linguas de España. - Exploración e cuestionamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

UD	Título da UD	Duración
7	OS TECIDOS: sintaxe	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Aplica, mellora e corrixe as súas producións manexando e trasladando coñecementos e razoamentos de orde gramatical e pragmático.	PE	100
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelabora e comunícala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Produce textos seguindo consignas (propósito comunicativo, contido, tecido lingüístico) concretas, con especial atención, a técnica de definición de palabras, construción de esquemas		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Transforma enunciados relacionando os esquemas semántico e sintáctico das oracións simples.		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Desenvolve a comprensión lectora e revisa, mellora e corrixe as súas producións trasladando razoamentos de orde gramatical e pragmático.		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Constrúe textos con estruturas funcionais (sintagmáticas ou oracionais) precisas. Recoñece as funcións sintácticas da oración simple.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras,

Contidos

- compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

UD	Título da UD	Duración
8	SEMENTAR: historia da literatura renacentista	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Realiza traballos de investigación de certa complexidade, de maneira individual ou en equipo, aplicando criterios de rigor e esixencia. Participa con compromiso, rigor e creatividade en todas as actividades vencelladas ao proxecto de centro das "Raíces as estrelas"	PE	85
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Aplica estratexias de lectura: superficial, exploratoria e profunda. Identifica o tema e a estrutura. O alumnado comprende e analiza (comentario) as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.		
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Na análise e no comentario de textos literarios explica as formas obxectivas e subxectivas dos textos así como os recursos característicos da lingua literaria e valora o seu efecto no receptor.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Interpreta os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.	TI	15
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Busca de información fiable, pertinente e de calidade para a realización de pequenos ensaios de investigación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establece vínculos entre os textos lidos e outros doutras literaturas ou épocas, agrúpaos en parentescos literarios e relaciónaos con outras expresións artísticas emerxentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

UD	Título da UD	Duración
9	A URDA: sintaxe	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Aplica, mellora e corrixe as súas producións manexando e trasladando coñecementos e razoamentos de orde gramatical e pragmático.	PE	100
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Produce textos seguindo consignas (propósito comunicativo, contido, tecido lingüístico) concretas, con especial atención, a técnica de definición de palabras, construción de esquemas		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Transforma enunciados relacionando os esquemas semántico e sintáctico das oracións simples.		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Desenvolve a comprensión lectora e revisa, mellora e corrixe as súas producións trasladando razoamentos de orde gramatical e pragmático.		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Constrúe textos con estruturas funcionais (sintagmáticas ou oracionais) precisas. Recoñece as funcións sintácticas da oración simple.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

Contidos
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

UD	Título da UD	Duración
10	ENXERTAR: historia da literatura barroca	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Aplica estratexias de lectura: superficial, exploratoria e profunda. Identifica o tema e a estrutura. O alumnado comprende e analiza (comentario) as ideas fundamentais dos textos literarios, interpretando correctamente a intencionalidade do emisor e a situación comunicativa descrita na obra.	PE	65
CA4.3 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos literarios de certa complexidade avaliando a súa calidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Na análise e no comentario de textos literarios explica as formas obxectivas e subxectivas dos textos así como os recursos característicos da lingua literaria e valora o seu efecto no receptor.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Interpreta os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Busca de información fiable, pertinente e de calidade para a realización de pequenos ensaios de investigación.	TI	35
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Realiza traballos de investigación de certa complexidade, de maneira individual ou en equipo, aplicando criterios de rigor e esixencia. Participa con compromiso, rigor e creatividade en todas as actividades vencelladas ao proxecto de centro das "Raíces as estrelas"		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establece vínculos entre os textos lidos e outros doutras literaturas ou épocas, agrúpaos en parentescos literarios e relaciónaos con outras expresións artísticas emerxentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
 - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.
 - Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e recursos na Rede para a realización de proxectos escolares.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes e fragmentos da literatura do patrimonio literario nacional e universal inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
 - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversacións literarias, debates e disertacións literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
 - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de parentescos literarios.
 - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
 - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino. Literatura ambiental e ecolóxica.
 - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

UD	Título da UD	Duración
11	A TRAMA: sintaxe	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Aplica, mellora e corrixe as súas producións manexando e trasladando coñecementos e razoamentos de orde gramatical e pragmático.	PE	100
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelabora e comunícala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Produce textos seguindo consignas (propósito comunicativo, contido, tecido lingüístico) concretas, con especial atención, a técnica de definición de palabras, construción de esquemas		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Transforma enunciados relacionando os esquemas semántico e sintáctico das oracións simples.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Desenvolve a comprensión lectora e revisa, mellora e corrixe as súas producións trasladando razoamentos de orde gramatical e pragmático.		
CA5.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Constrúe textos con estruturas funcionais (sintagmáticas ou oracionais) precisas. Recoñece as funcións sintácticas da oración simple.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Creación de secuencias textuais, con especial atención ás expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple) e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na ESO a materia de Lingua Castelá e Literatura pretende favorecer, afondando nos coñecementos xa adquiridos na Educación Primaria, o desenvolvemento de competencias que permiten ao alumnado escoitar, falar, ler e escribir con

adecuación, corrección, autonomía e creatividade para así exercer a súa cidadanía con plenitude e continuar os seus estudos posteriores con garantías.

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima do estudantado. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, agrupamentos flexibles, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico, desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Preténdese, pois, deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. O proxecto de innovación educativa das "Raíces as estrelas", inserido dentro do programa "Polos creativos", que se está a desenvolver no centro, ao que contribuirá esta materia representa unha oportunidade excelente. Tal como se recolle na

descripción xeral do proxecto:

"O que se pretende desenvolver son os principios da economía circular dentro do currículo da educación secundaria obrigatoria, fomentando tanto a cultura científico-tecnolóxica como unha visión humanística e artística. Partindo das boas prácticas do centro e da cultura da contorna, o proxecto fomentará o estudo e posta en práctica das técnicas agrícolas tradicionais, técnicas agrícolas ecolóxicas e técnicas agrícolas de explotación. Ao tempo que difundimos prácticas que reducen a pegada da nosa acción sobre a contorna, estudando o funcionamento dunha composteira e a produción de diferentes téxtiles con fibras naturais e materiais reciclados.

A comunidade escolar e as comunidades locais son parte esencial neste proxecto. As familias, en particular os avós e as avoas, traerán ao centro a súa sabedoría sobre agricultura tradicional e elaboración de abonos a partir de restos orgánicos. O centro difundirá e promoverá o uso das composteiras como método de redución de residuos orgánicos, entre as familias e as comunidades locais e asociacións da contorna. Cunha metodoloxía de aprendizaxe-servizo, o alumnado aprenderá ao mesmo tempo que devolve o coñecemento producido á comunidade, vencellando o currículo coa acción solidaria".

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias.

A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a

asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, malia as considerables dificultades que topamos para reunirnos dada a carga lectiva do profesorado e a complicada configuración dos horarios, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así mesmo, poñerase en práctica o enfoque comunicativo, en coherencia coa Lei Educativa vixente e coas últimas correntes de didáctica das linguas. Polo tanto traballarase a materia desde unha concepción comunicativa integral. Así, ademais da comprensión e expresión escrita, daráselle moita importancia á comprensión e expresión oral xunto coa quinésica, a xestual e a corporal que, indubidablemente, contribúen a mellorar os intercambios comunicativos en contextos equivalentes aos reais. Neste punto será clave a participación en proxectos que poidan ser integrados como Radio Labirinto ou o Proxecto "Das Raíces ás estrelas", pertencente o Programa de Innovación Educativa Polos Creativos. Co obxecto de que os estudantes acomoden as súas aprendizaxes nun marco global no que as aprendizaxes lingüísticas resulten operativas, eficaces e se poidan retroalimentar co traballado noutras áreas lingüísticas, buscarase a coordinación con outros departamentos de lingua e tamén co conxunto do centro co fin de acordar estratexias e liñas de traballo. Cobra protagonismo neste punto o Tratamento Integrado

das Linguas (TIL), sobre todo galega e castelá, e traballos por tarefas que se alternarán con outros métodos máis tradicionais.

Posto que os procesos de ensino-aprendizaxe son resultado da interactividade profesora-alumnado e alumnado-alumnado, convén distinguir entre aquilo que o estudante é capaz de facer e de aprender por si só e o que é capaz de aprender coa axuda doutras persoas. A profesora supervisarán estas dinámicas e intervirán naquelas actividades que un alumno non é capaz de realizar por si só, pero que pode chegar a solucionar se recibe a axuda pedagóxica conveniente. Na interacción alumno-alumno, deseñaranse tarefas que favorezan o traballo cooperativo, aquelas nas que se confrontan distintos puntos de vista ou nas que se establecen relacións de axuda entre iguais duns alumnos con outros, posto que estamos convencidos de que favorecen moi significativamente os procesos de aprendizaxe.

Neste sentido, buscarase que o alumnado teña un papel activo nos procesos de ensino-aprendizaxe. É fundamental o feito de que o estudante participe progresivamente na construción do seu coñecemento partindo dos seus propios usos lingüísticos e adquiera estratexias de metacognición dirixidas a autoavaliación e control. Neste sentido, coa aprendizaxe da Lingua Castelá o alumnado desenvolverá unha formación integral tamén na competencia de aprender a aprender e deberá ser consciente dos seus logros a través da autoavaliación e a coavaliación. A docente será o guía, facilitadora, e non só mera transmisora de coñecementos. Priorizaranse os procedementos, as actividades, os proxectos, a lectura, sobre o saber puramente memorístico de contidos ou a manipulación gramatical descontextualizada dos conceptos.

Tendo en conta as esixencias que impón unha sociedade hipertecnificada e conectada, promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver aprendizaxes e

como unha maneira máis de activar as prácticas comunicativas cotiás, académicas e formais do alumnado. Aproveitando que o IES Monte Carrasco é centro Edixgal en todos os niveis empregaranse todos os seus recursos e ferramentas, como xa se viña facendo nos cursos anteriores, se ben, tendo en conta a forte presenza que estes medios teñen no seu día, intentárase equilibrar o seu uso posto para combinalo con soportes tradicionais.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura. Neste sentido enfróntase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo. Os principios DUA forman parte dos principios metodolóxicos das actividades.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo cooperativo a través de distintos tipos de agrupamentos. A reforma na sala de usos múltiples, agora aula de Polos Creativos, permitirá o traballo en equipo dun xeito cómodo e dinámico. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades

individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para asimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras

lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios. A programación, como actividade complementaria, dun taller de escrita creativa, incluído dentro das liñas "Emociónate" dos Contrato Programa Inclúe, no nivel de 3º permite ao alumnado experimentar o proceso da escrita cunha experta que rompe a rutina das aulas.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de

textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados pola docente.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Cadernos monográficos de diversas editoriais centrados en aspectos concretos do estudo da lingua.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia. Entorno de aprendizaxe Edixgal e equipos Edixgal.

Materials e equipamento do Proxecto de Innovación Polo Creativos.
Biblioteca do centro.
Libros de lectura

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario. O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos e medios de comunicación tradicionais e dixitais diversos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea. A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á

literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es

Diccionario Panhispánico de Dúbdas: www.rae.es/dpd

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com

Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com

com

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complex.htm>

Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>

Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>

Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>

Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html

Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm

Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>

Exercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>

Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>

Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>

Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas: <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

O espazo de EVA será o entorno principal de traballo que se empregará. Nel, ademais de aloxar recursos propios e alleos, permitirase a comunicación en remoto coa profesora sempre que

sexa imprescindible. En canto aos materiais publicados respectaranse os dereitos de autoría e as licenzas de uso e distribución ao tempo que se cumprirá coa normativa en materia de protección de datos e o protocolo de protección de datos persoais da Xunta en relación os sistemas de aprendizaxe virtual, tratamento de imaxe, emprego de correo electrónico, equipamento...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Coa finalidade de establecer os coñecementos e o nivel inicial do alumnado, durante as primeiras semanas do curso a profesora realizará unha avaliación inicial. Procederáse a observación individualizada dos desempeños do alumnado a través da realización de diferentes actividades durante os primeiros días do curso: composición dun texto a partir de determinadas instrucións, lectura en voz alta, resolución de preguntas dirixidas a coñecer a comprensión lectora, etc. Alén das producións escritas, nas que se comprobaban os coñecementos previos ao longo das dúas primeiras semanas observábase a interacción do alumnado en conversacións espontáneas, presentacións orais ou visionado de vídeos para comprobar o nivel competencial de cada alumno respecto do bloque 1, 2 e 3 do currículo.

En función dos resultados obtidos adoptáronse as medidas de atención á diversidade pertinentes no caso de detectar necesidades específicas de apoio educativo. No caso de identificarse necesidades ou eivas de carácter grupal, faráse a adaptación precisas na PD en canto aos contidos e seu grao mínimo de consecución. Ademais, a información obtida trasladábase na xunta de avaliación inicial prevista para o martes 10 de outubro ao equipo docente para adoptar, de forma coordinada, as medidas máis oportunas para cada alumna ou cada alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	15	20	20	5	10	5	5	5	5	5
Proba escrita	90	65	80	40	100	85	100	85	100	65
Táboa de indicadores	10	35	20	60	0	15	0	15	0	35

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	100
Proba escrita	100	81
Táboa de indicadores	0	19

Criterios de cualificación:

A avaliación das aprendizaxes do alumnado será continua, formativa e integradora, isto é, durante todo o curso retomaranse e avaliarase contidos xa traballados en cursos pasados ou no actual. Ademais terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino, como dos procesos de aprendizaxe. Como é lóxico, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. Neste sentido, é desexable que non transcorra demasiado tempo desde a entrega da probas ou produtos por parte do alumnado e a corrección e valoración dos mesmos por parte da profesora. Non obstante, sendo a materia de lingua unha asignatura laboriosa na corrección textual estes tempos de entrega, dada a elevada ratio por aula, pode verse dilatado.

O punto de arranque dos procesos de avaliación comeza coa avaliación inicial do alumnado, momento que servirá para axustar

o grao mínimo de consecución dos diferentes criterios establecido na PD.

Nas diferentes avaliacións parciais, os instrumentos empregados serán variados, se ben, tal e como se recolle na aplicación PROENS organízanse en dous tipos: proba escrita (engloba aqueles instrumentos nos que o alumnado demostra o seu coñecemento a través dunha evidencia escrita, isto é, proba obxectiva, produción de textos) ou mediante táboa de indicadores (recolle os instrumentos nos que o alumnado demostra o seu desempeño a través dunha evidencia que o profesorado comprobará co apoio dunha lista de ítems/indicadores ou escalas de estimación/valoración).

Se ben a corrección das probas gramaticais estritas cinguirase a valoracións como correcto, incompleto, incorrecto, nas producións textuais (orais, escritas) ou no caso de proxectos ou tarefas de certa complexidade, empregaranse rúbricas a fin de establecer niveis de logro e descrición das aprendizaxes para que o estudante poida mellorar nos seus desempeños xa que poderá comprender con facilidade que se espera que sexa quen de facer. Ademais, dado que se recurrirá á coavaliación e á autoavaliación nalgunhas tarefas o alumnado será parte activa na súa aprendizaxe, mellorando así a súa competencia persoal, social e a de aprender a aprender (CPSAA) ademais da competencia emprendedora (CE) ao participar de xeito responsable na súa propia aprendizaxe.

Os instrumentos empregados serán:

a) Probas obxectivas: estas, orais ou escritas, poderán conter, segundo o caso, preguntas concretas e pechadas, preguntas abertas, datos para unha posterior interpretación, exposicións de temas, resolución de exercicios, producións complexas do alumnado etc.

b) Táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, listas de cotexo, etc) para valorar produción do alumnado e o seu

traballo na aula: formulación de dúbidas, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións, resumos, esquemas, mapas conceptuais, composicións de textos de tipoloxía variada, comentarios de texto, participación en foros virtuais, podcast, producións audiovisuais...

Para a obtención da cualificación de cada avaliación, a ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas, se ben o cálculo global da nota trimestral axustarase ás seguintes porcentaxes:

- 15% Hábito lector, comprensión lectora e escrita creativa a partir das lecturas trimestrais. Esta porcentaxe é constante nas tres avaliacións ao longo da unidade 1 "A fiadeira", de carácter transversal.

- 40% Técnicas de traballo intelectual, comunicación ética e responsable. A través de tarefas de comprensión/expresión oral e escrita abórdanse diferentes tipoloxías textuais de maneira que a materia poida imbricarse no proxecto das "Raíces ás estrelas". As unidades 2, "Pensamento crítico, comunicación sostible e respectuosa", e 3, "O eirado dos textos", ao ser transversais, abranguen as tres avaliacións, e a súa porcentaxe na cualificación é constante durante todo o curso.

- 30% Falar e escoitar. Esta destreza, vencellada a dimensión oral da lingua, tamén ten un tratamento transversal ao longo do curso. O bloque de contidos sociolingüísticos da unidade 4 "A Colleita" traballada na 1ª avaliación e os literarios nas unidades 6 "Labrar", 8 "Sementar" e 10 "Enxertar" na 2ª e 3ª terceira fornecerán de contidos este aspecto da cualificación. De maneira máis específica o valor total desta porcentaxe distribúese do seguinte xeito: 20% exposición oral e 10% comprensión oral. Esta última parte avaliarase mediante pobras escritas tipo test e de resposta curta.

- 15% Razoamento gramatical e coñecemento do código. Estes

contidos están presentes nas unidades 5 "As sementes", desenvolvida na 1ª e 2ª avaliación e nas unidades 7 "Os tecidos", na 2ª, e na 9 "A urda" e 11 "A trama" na 2ª e 3ª.

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións parciais.
- 2.- A media entre as tres avaliacións parciais chega a 5. Cunha nota inferior a 5 non se fará media e haberá que facer tarefas de recuperación para poder aprobar na avaliación final.

A CUALIFICACIÓN FINAL DE XUÑO obterase a partir da media aritmética das tres avaliacións parciais. A nota final da materia calcularase tendo en conta o valor decimal de todos os trimestres.

REDONDEO NAS NOTAS DO BOLETÍN E NA FINAL. Sempre e cando o progreso do traballo de cada estudante, considerado de xeito singular, teña sido positivo e a súa progresión, ao longo do curso, fose ascendente nas avaliacións parciais e na final poderase efectuar un redondeo da nota a partir dun valor decimal 0,75. Noutras palabras, o redondeo da nota non é automático nin universal en todos os casos.

PRECISIÓNS SOBRE AS CORRECCIÓNS E CUALIFICACIÓNS DAS PRODUCIÓNS E PROBAS DO ALUMNADO

1. No caso de avaliar as lecturas obrigatorias mediante unha proba obxectiva, o alumno deberá responder a unha serie de cuestións sobre o contido da obra e demostrar a súa lectura completa e comprensión. Tamén poderá haber preguntas nas que o alumno deba expresar a súa opinión acerca dalgún elemento transversal presente na obra. Na corrección e cualificación da proba valorarase a comprensión lectora e a expresión escrita sobre o seu contido, evitando as respostas "tipo SMS", simplistas, ambiguas, "de lapela de libro". O contido destas obras poderá aparecer en calquera proba obxectiva de avaliación, incluíndo probas de recuperación e na avaliación final. As lecturas obrigatorias tamén poderán ser avaliadas con producións de

carácter creativo que deberá respectar unhas pautas concretas establecidas pola profesora.

2. Nos exames e traballos esixiráselle unha presentación correcta en canto a marxes, sangrados, letra lexible e ausencia de riscadas. No caso de presentar o traballo cun procesador de textos deberán respectarse ás normas de presentación de traballos dixitais elaboradas polo departamento e que se lle facilita ao alumnado coas instrucións da tarefa. En ambos casos a expresión escrita debe estar normalizada en canto a ortografía, acentuación, puntuación, coherencia sintáctica e semántica e cun uso apropiado do nivel léxico e do rexistro.

3. As producións dos alumnos cualificaranse sobre 10. A profesora decidirá e indicará cales formarán parte das producións cualificables na nota de avaliación, en función dos contidos impartidos en cada trimestre. Tamén fixará o valor de cada unha delas segundo o número de entregas demandadas na avaliación e o seu grao de complexidade. Na cualificación da avaliación aplicaráselles a porcentaxe correspondentes.

4. A profesora revisará e cualificará diversas producións dos alumnos. Estes deberán archivar este material corrixido e telo a disposición da docente.

5. Os prazos e as condicións de entrega dos traballos e tarefas, así como as datas de exames deben ser respectados. O/a alumno/a ten que presentar os traballos ou realizar os exames e probas nas datas fixadas para todo o grupo pola profesora. Se por razóns de forza maior (enfermidade, urxencia familiar...), o/a alumno/a non pode respectala, sempre que se xustifique debidamente, poderá fixarse unha nova data.

6. Corrección ortográfica. Agás no caso de aqueles alumnos que contén cun informe específico do departamento de orientación que identifique dificultades específicas neste eido, en cuxo caso se adaptará e flexibilizara este criterio, a alumnado deberá recoñecer e corrixir erros ortográficos e gramaticais en textos

propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais. Este CA será aplicado na corrección de todas as probas e producións escritas do alumnado. Posto que se trata dun criterio transversal que se executa en todas as producións escritas, a súa consideración será constante. En consecuencia, non sendo en probas obxectivas que avalíen de xeito monográfico este contido, a súa cualificación representará ata un 10 % da nota en instrumentos como a rúbrica ou lista de cotexo e será aplicado en forma de desconto nas probas escritas nun máximo dun 10% coa seguinte proporción:

Cada 2 erros no uso da til (A)* -0,10

Cada erro no uso das grafías (G)* -0,10

Mal uso dos signos de puntuación ou erros na súa escritura:

Ata -0,25, por puntuación moi deficiente.

-0,10 por non usar os signos de apertura de ¿? e ¡

*No cómputo non se terá en conta a repetición dun mesmo erro ao non ser que se trate dunha palabra de uso frecuente.

7. Se a profesora así o establece ao comezo do curso ou do trimestre, os alumnos poderán incrementar a súa nota en cada avaliación coa realización de lecturas voluntarias. O feito de non realizalas non supón unha mingua na cualificación. O departamento ofreceralles unha selección de obras e, a través dunha entrevista coa profesora ou da elaboración dun traballo sobre o libro, deberán demostrar a súa lectura e comprensión. No caso de que máis de un alumno do grupo ou nivel escolla a mesma obra de lectura voluntaria poderán facer un traballo en equipo cuxas características han de ser consensuadas coa profesora. A valoración destas lecturas voluntarias oscilarán entre 0 e 0,50 por cada lectura, en función da calidade do traballo e a dificultade da obra escollida, que se sumará a cualificación trimestral. A nota máxima total que se sumará na avaliación será de 1 punto, sempre que a nota alcanzada cos demais

instrumentos de avaliación sexa como mínimo de 4. Con esta actividade, preténdese fomentar a lectura, a comprensión escrita e a expresión oral. O prazo para a realización desta actividade finalizará 3 semanas antes da data de avaliación fixada polo centro.

8. Copia ou plaxio. A parte máis importante dun traballo ou dunha tarefa é a presentación de ideas propias e orixinais. É posible e desexable facer referencia ás ideas doutros autores, pero esas ideas alleas deben ser recoñecidas e citadas adecuadamente. A reprodución non declarada das ideas doutra persoa facéndoas pasar por propias considerarase plaxio e é un comportamento desleal. Por iso, cando se detecte un caso de copia, parafraseo mal disimulado (copia/pega máis ou menos conseguido), non será aceptado e a produción será cualificada cun cero.

Criterios de recuperación:

En canto aos mecanismos de recuperación dalgunha avaliación suspensa, dado o carácter progresivo da materia, non se farán exames de recuperación senón que ao obter un resultado positivo na cualificación da seguinte avaliación, automaticamente queda recuperada a anterior. Non obstante, no caso do bloque de estudo da literatura, as profesoras determinarán en cada caso os mecanismos de recuperación (proba escrita, entrega de traballos...) dos CA non superados neste bloque.

O alumando que non alcanza un 5 na avaliación final ofreceránselle nas semanas finais de curso actividades de reforzo, apoio e recuperación que permitan o logro dos CA non superados. A batería de probas, tarefas ou traballos adaptarase á situación particular de cada alumno/a de tal xeito que o estudante poderá aprobar a materia se alcanza unha cualificación superior ou igual a 5. Para comprobar de forma obxectiva a evolución positiva na aprendizaxe, adxudicaranse tarefas, traballos e/ou fichas de recuperación e, ao final de cada práctica segundo os prazos

estimados pola profesora, poderá realizarse unha proba na que o alumnado deba demostrar, de forma autónoma, que asimilou os contidos e que está preparado para afrontar, sen dificultades, a materia no próximo curso. A cualificación final neste suposto será a media das tres avaliacións parciais, substituíndose a nota obtida en trimestres pasados, pola acadada tras estas probas. Se algún alumno/a ten suspenso todo o curso con menos dun 3, só poderá acadar una nota final non superior a 5 posto que as probas deseñadas apuntarán só aos contidos mínimos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas

O deseño curricular da materia nos catro cursos da ESO está baseado no que se pode denominar "aprendizaxe en espiral". En función deste deseño, no estudo e na análise dos diferentes niveis lingüísticos (morfoloxía, sintaxe, tipoloxía textual e análise discursivo e mesmo pragmático) a maioría dos contidos retómanse curso a curso con lixeiras variación. Ademais tamén dentro de cada ámbito de estudo, as conexións cos distintos niveis da lingua son constantes. En cada un dos cursos da etapa analízanse palabras, oracións, perfeccionase o manexo das normas ortográficas e da puntuación, exercítase o desempeño oral, escríbense e coméntanse textos de diferentes tipoloxías (argumentativos, persuasivos, expositivos, dialogados, narrativos, descritivos e instrutivos), circunstancia que permite, sen dubida, a aplicación, con relativa facilidade, dun reforzo constante dos contidos. No que atinxe ao bloque de "Educación literaria" as circunstancias son semellantes dado que 1º e 2º reforzaranse aquelas nocións que definen o feito literario fronte a outros discursos.

Esta relación en espiral, que afecta ao conxunto da etapa educativa e á programación intrínseca de cada curso será aproveitada para recuperar e reforzar contidos que non puideron ser consolidados no caso dos alumnos/as coa materia

pendente. Deste xeito, dado que os cinco bloques do currículo presentan uns eixos básicos que se amplían curso a curso (para descender nun maior detalle e complexidade na análise do feito comunicativo, gramatical e literario, ou ben para requiren unha execución máis precisa e complexa por parte do estudante), o alumnado coa materia pendente, independentemente do curso no que se atope matriculado, poderá superar a materia seguindo dúas vías:

1) Acadar unha avaliación positiva na 1ª e 2ª avaliación da materia do curso no que estea matriculado e facer entrega (tempo, forma e corrección) dos boletíns que compoñen o Plan de recuperación de pendentes ata esa data. A cualificación que acadará será o resultado da media ponderada das cualificacións da materia no curso actual (40% a nota da 1ª avaliación e 60% a nota da 2ª avaliación).

2) Cumprimento do Plan de Recuperación de Pendentes elaborado especificamente polo Departamento e que será remitido á persoa titora, á xefatura de estudos e ás familias.

O cumprimento do Plan de pendentes, a entrega e resolución, en tempo e forma, das actividades de reforzo nel contempladas será supervisada pola profesora da materia que imparte aulas no grupo ao que pertence o estudante.

No caso de non entregar as tarefas en tempo e forma ou no caso de non resolvelas con esforzo e interese, o alumno poderá presentarse a unha proba escrita de toda a materia antes da avaliación final. A proba versará sobre os elementos básicos do contido curricular da materia e as preguntas centraranse unicamente nos CA que poidan ser valorados mediante proba escrita ou oral.

SEGUIMIENTO E DIFUSIÓN DO PLAN DE RECUPERACIÓN

O profesorado responsable das actividades de seguimento e recuperación será a docente que imparta a materia no presente curso. Esta coordinarase, se é preciso, coa profesora do curso

anterior. A supervisión destes alumnos farase, de xeito continuo, nas sesións ordinarias do curso, se ben as profesoras estarán a disposición do alumando para resolver dúbidas ou dificultades no tempo de lecer ou naqueles momentos nos que poidan dedicarlle unha atención individual. A comunicación telemática, de ser precisa, tamén está aberta.

As profesoras do departamento informarán aos alumnos e ás persoas titoras do disposto no Plan de Recuperación. Ademais, as profesoras do curso no que está matriculado os estudantes con pendentes avaliarán os seus progresos nas diferentes sesións de avaliación e sempre que o requira a persoa titora.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva NO PLAN DE REFORZO correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

6. Medidas de atención á diversidade

Antes de entrar na descrición de cales son os procedementos e as medidas de atención a diversidade previstas nesta PD, compre facer unha primeira consideración de carácter organizativo. Debido aos condicionamentos que impón o limitado cupo de profesorado que a Consellería asigna ao centro, malia contar con alumando con necesidades específicas de apoio educativo de especial importancia, non foi posible reducir a ratio dos grupos, coma no curso pasado, por falta de profesorado.

Este curso volvemos contar cunha dotación xusta de profesorado polo que as medidas de reforzo para aquel alumnado que conta con maiores dificultades están comprometidas. Dado que o Centro ten concedido o Contrato Programa Proa + desde o curso 2021-2022, poderemos contar cunha PT que, xunto coa propia do centro, darán apoio dentro da aula ao alumnado TEA e tamén ao

alumnado que tivo medidas de reforzo o curso pasado e que este curso tamén o mantén. O número exacto está por derminar, xa que a avaliación inicial non se celebrou na data prevista para a entrega desta programación. Non obstante, o número, como mínimo, chega aos 8.

Coma outros anos, na composición dos grupos, a Xefatura de Estudos primou a formación de grupos heteroxéneos tanto nas súas capacidades coma nos seus coñecementos.

Sen prexuízo de que ao longo do curso poidan aplicarse medidas de reforzo específicas, as medidas de atención e reforzo serán perfiladas unha vez se teña realizada a avaliación inicial. O Departamento de Orientación será o encargado de supervisar, asesorar e coordinar as medidas de atención ao alumnado, así como as intervencións e os apoios que deba desenvolver a profesora de Pedagogía Terapéutica do centro no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). As profesoras do Departamento, ademais de dispoñer do asesoramento directo da Orientadora, na plataforma Edixgal do centro contan con documentación de apoio e orientacións específicas para atender ao alumnado NEAE, publicadas polo Departamento de Orientación, que son de grande axuda para o tratamento do alumnado con deficiencias visuais, dificultades auditivas, TEA, TDAH, alumnado con dislexia, de altas capacidades, alumnado con descoñecemento das linguas oficiais, etc...

A seguir, descríbese o tratamento da diversidade que se fará desde a área. A competencia comunicativa dos alumnos nesta etapa é moi desigual e variada e, a miúdo, resulta difícil establecer cales son os coñecementos previos en moitas actividades de comprensión e produción de textos, así como o grao de razoamento lóxico formal do que dispoñen para resolver cuestións de reflexión gramatical. Tendo en conta este feito, daráselle prioridade á comprensión e á produción textuais por ser

estas as destrezas básicas para a aprendizaxe en calquera área e no propio desenvolvemento persoal e social. Neste enfoque, os contidos meramente gramaticais ou enciclopédicos terán unha relevancia residual. Xa que logo, nos procesos de ensino-aprendizaxe tratarase de fomentar o traballo autónomo dirixido á comprensión de textos variados, a composición de resumos, esquemas, mapas conceptuais que permitan representar, sintetizar e analizar o aprendido. Ademais pedirase a produción de textos de tipoloxía variada que se ocupen de temas e funcións que os acheguen a situacións comunicativas reais: notas, cartas, artigos xornalísticos, reclamacións, instancias, anuncios, instrucións, traballos monográficos, etc.

As medidas de atención á diversidade aplícanse en xeral a todo o alumnado para responder así as diferentes motivacións, estilos de aprendizaxe (competencias e intelixencias múltiples), coñecementos... pero teñen especial importancia no caso do alumnado que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais ou por condicións persoais... Preténdese con elas que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e tamén os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

A continuación especificáanse algúns dos procedementos fixados para dar resposta a estas circunstancias:

o Diversidade metodolóxica: traballo individual e en pequenos grupos cooperativos. Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.

o A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das

capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado

o Heteroxeneidade de materiais e recursos.

o Variedade de actividades de reforzo e profundización xunto coa realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

o Pluralidade de procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe.

o Diversidade de mecanismos de recuperación. Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.

o Coidado dun bo clima de tolerancia e respecto na aula.

o Insistencia nos reforzos positivos para mellorar a autoestima.

o Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual

o O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

No caso das persoas con discapacidade, fomentárase a calidade, equidade e inclusión educativa garantindo a igualdade de oportunidades e a non discriminación. O centro escolariza alumnado con discapacidade visual e neste caso adoptáranse medidas de flexibilización, axustes metodolóxicos, e sobre todo a accesibilidade dos materiais e recursos para conseguir que o alumnado con déficit visual poida desenvolver a súa formación dun xeito adecuado, garantindo a equidade e a igualdade de oportunidades.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais permite flexibilizar o contidos o que poderá incluír tanto a inclusión de contidos e adquisición de competencias propios de cursos superiores, como a ampliación de contidos e competencias do curso no que se atopa matriculado. Terase en consideración o ritmo e estilo de aprendizaxe deste alumnado e tamén daquel especialmente motivado pola aprendizaxe.

A partir da avaliación inicial, e segundo os informes que achegue o Departamento de Orientación e o equipo docente, o Departamento establecerá a necesidade de elaborar adaptacións curriculares individualizadas ou plans de traballo individuais dirixidos a aqueles alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación), se ben é segura a realización dunha adaptación

para un alumno TEA.

O alumnado que repite curso será obxecto dun seguimento personalizado por parte das profesoras. Nas diferentes avaliacións observarase se a súa evolución no presente curso mellora ou non respecto á do pasado. No caso de que a evolución non sexa positiva intentarase motivar ao estudante e ofrecerlle material de reforzo específico se fose preciso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación cívica e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Formación estética	X	X	X			X		X
ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Liberdade de expresión	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico			X		X	X	X	X
ET.8 - Consumo responsable e economía sostible e xusta	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.2 - Educación cívica e en valores	X	X	X
ET.3 - Formación estética		X	
ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X
ET.5 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X
ET.6 - Liberdade de expresión	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico			
ET.8 - Consumo responsable e economía sostible e xusta	X	X	X

Observacións:

A lingua reflicte a realidade do individuo e da sociedade. Pero, ademais, a estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe. Por iso, a materia é un espazo privilexiado para incorporar o tratamento dos valores democráticos na práctica educativa, ao observar e denunciar aquelas manifestacións que revelan carencias neses valores, e ao configurar esquemas de pensamento que se afasten de ideas absurdas e manipuladas, recibidas acriticamente e que se descubren nunha linguaxe estereotipada e limitada. Son ET a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade. Fomentárase valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia. Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC. Os ET enfrontarase desde as seguintes vías: Análise, comentario e discusión de textos orais, os cales xeran opinións e valoracións sobre ET Comprensión e produción de textos escritos que abrangan estas temáticas. Realización de exposicións, debates, e calquera outro elemento que reproduza na aula os temas, as vivencias e os valores do

exterior. A participación no proxecto "Das raíces as estrelas" é unha oportunidade indiscutible para mobilizar e trasladar á comunidade todos estes obxectivos e contidos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Organización dun club de lectura	Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética.	X	X	
Visita de autores e autoras	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.		X	X
Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día das Letras Galegas	Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para desenvolver tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.			X
Gravación de podcast con textos literarios	Alumnado do centro de distintas nacionalidades pode gravar textos literarios (narrativos ou mellor poéticos) cada quen na súa lingua. O carácter inclusivo desta actividade e a motivación que pode espertar no alumnado fai que sexa unha actividade ideal para traballar o aprecio polas diferenzas, a educación cívica e a cooperación entre iguais.	X	X	X
Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras e exposicións dos mesmos	Esta actividade, conectada con traballo do club de lectura, é idónea para abordar o fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións realizadas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os/as estudantes.	X	X	X
Obradoiros de escritura creativa	Este obradoiro permitirá achegarnos á linguaxe desde un enfoque máis vivencial. Implica un traballo coa escritura e coa a lectura, en tanto que son competencias transversais no currículo académico. Supón reforzar a capacidade de comprensión do alumnado, a adquisición dun espírito crítico, o desenvolvemento da creatividade e dun hábito lector.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visionado de películas	O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar filmes baseados nalgúns dos libros lidos en clase ou nos clubs de lectura do centro. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as destrezas de comunicación do alumnado, as habilidades sociais (capacidades conversacionais, tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima dos/as participantes.	X	X	X
En busca da noticia.	Na sociedade actual, o alumnado debe coñecer a linguaxe dos medios de comunicación. Esta actividade permite que se acheguen a este medio e que, a través dunha proposta de aula, se convertan por un tempo en redactores de noticias. Podemos buscar un tema do programa de clase ou de actualidade e, cunhas instrucións precisas, elaborar unha noticia e compartila na aula.	X	X	X

Observacións:

Realizarase, en colaboración co Departamento de Lingua e Literatura Galega, como xa se fixo en cursos pasados, un taller de escritura creativa e expresiva coa profesora M^a José Barreiro. Tamén, no caso de recibir unha oferta teatral ou cinematográfica axustada aos intereses da materia e á que se poida acudir en función do custo que suporá para o alumnado e as familias o Departamento levaráas a CCP e ao Consello Escolar para a súa aprobación.

Ademais, se por parte doutro departamento xorde unha proposta que resulte interesante para a materia o Departamento sumarese de xeito activo para realizar unha aprendizaxe interdisciplinar de proveito para a formación integral do alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Explicáronse e corrixiéronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Temporalización: o control dos tempos e a planificación das actividades na sesións é correcto
Metodoloxía empregada
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Medidas de atención á diversidade
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores.
Instrucións, aclaracións e orientacións: ás tarefas son axeitadas para o alumnado NEAE
Clima de traballo na aula
Actividade na aula e clima na aula: o ambiente de traballo é positivo e favorece as aprendizaxes
Conseguíuse unha interacción baseada no respecto e a tolerancia

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Implicación das familias: contouse co apoio e a colaboración das familias no traballo do alumnado

Realizouse unha coordinación efectiva co profesorado doutros departamentos

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

-A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.

-A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.

-A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.

-A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.

-A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

Aparte do seguimento do nivel de cumprimento da PD nos diferentes cursos que se faga nas reunións do Departamento, haberá outros momentos nos que se fará revisión tendo en conta os resultados académicos:

1. Nas sesións de avaliación trimestral. Tendo en conta os resultados académicos faremos constar en acta os seguintes aspectos:

-Análise dos resultados xerais do grupo e valoración dos mesmos.

-Casos particulares e proposta de medidas que se poden adoptar.

-Clima de traballo na aula.

-Valoración do funcionamento dos apoios e reforzos.

-Grao de desenvolvemento das competencias en xeral.

-Compromisos para a seguinte avaliación.

2. Ao remate do curso e como parte da Memoria Final revisarase a programación tendo en conta:

-Contidos non impartidos e as causas que o impediron.

-Modificacións introducidas.

-Propostas de mellora para o próximo curso.

-Valoración dos resultados académicos e identificación das posibles causas que afectaron negativamente.

-Valoración dos recursos, medidas de atención á diversidade aplicadas.

-Análise do funcionamento e utilidade das actividades complementarias.

-Análise dos resultados obtidos na avaliación ordinaria.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

-A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.

- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora,

vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

Empregarase a lista de control ofrecida pola Consellería na páxina 53 e seguintes, no seu documento MANUAL DE AXUDA PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

9. Outros apartados